



TUTORIAL

#fotolingua

1. Que se precisa para concursar?

Unha imaxe -ou máis- sacada por ti e un perfil propio en Facebook ou en Instagram, redes nas que está aberto o concurso.

2. Que ten que ter a imaxe que capture?

A imaxe ten que reflectir claramente o uso do galego nun establecemento comercial ou hostaleiro, en calquera soporte visible para o público (escaparates, carteis, rótulos, etiquetaxe, cartas, anuncios...). Se, ademais, o que recolle ou o xeito de facela é creativo e atractivo, perfecto! E se escolles un establecemento que use o galego de maneira habitual, aínda mellor!

Tes que publicala con estes cancelos:

#fotolingua #ogalegovende #establecementoengalego

3. Como obteño esa imaxe?

Podes tirar a imaxe cun teléfono móbil ou con calquera outro dispositivo electrónico. A vantaxe de empregar un móbil é que podes subila ás redes sociais no momento.

Non recollas unha imaxe da web do establecemento ou de calquera outra fonte en Internet. A fotografía ten que ser túa e orixinal.

A organización resérvase o dereito a descargar e excluír do concurso calquera resposta enviada polos usuarios cando o considere oportuno.



4. Como subo a miña imaxe a Facebook?

Se non tes perfil crea un. É sinxelo. Facebook guiarate dun xeito rápido. Coa túa conta creada, busca a seguinte barra:

Escribe nela fotolinguaacompostela

Preme na lupa, e aparecerache a imaxe de perfil de **#fotolingua**. Preme outra vez encima da imaxe de **#fotolingua** e marca «gústame».



Parabéns! Xa estamos dentro.

Unha vez aquí, marca a icona da cámara, selecciona a túa imaxe, engade onde foi tomada, o nome do establecemento e, se queres, algo que che suxira. É moi importante que engadas os cancelos **#establecementoengalego**, **#ogalegovende** e **#fotolingua**. Unha vez completados estes pasos, marcas en publicar e xa estás concursando!

Lembra que a imaxe que teña máis «gústame» será unha das gañadoras, así que bule e cóntalle aos teus amigos e amigas que participas en **#fotolingua** para que marquen «gústame» na túa fotografía.



5. Como subo a miña imaxe a Instagram?

Non tes conta e queres empregar esta rede ademais do Facebook? Sigue os pasos que che dá a aplicación. Para atoparnos terás que facer o mesmo que fixeches no Facebook. Busca a seguinte barra:



Escribe nela *fotolingua*compostela

Q *fotolingua*compostela

Selecciona o perfil e marca *follow*.



Ben feito! Xa nos segues.

A diferenza que hai entre as dúas redes sociais é que en Instagram non podes compartir a túa instantánea no perfil de **#fotolingua**. Terás que facelo no teu perfil, premendo na icona de +, subindo a imaxe, etiquetándonos nela co nome de **#fotolingua #establecementoengalego #ogalegovende** e unha identificación que permita situar a imaxe (nome do establecemento, enderezo e/ou localización xeográfica) e, se che apetece, un comentario de por que tiraches esa imaxe.



TI

6. E agora, que acontece?

O concurso dispón de dúas modalidades: premio do público e premio da organización.

Para obter o premio do público a túa imaxe terá que ser a que máis «gústame» teña.

Podes participar en Facebook e Instagram, mais iso non significa que se vaian sumar os resultados. Cada imaxe é independente en cada espazo. Así que, a cantos máis seguidores e seguidoras lles contes que participas, máis posibilidades terás de facerte co premio.

Para obter o premio da organización a túa imaxe terá que ser a máis orixinal e creativa á hora de transmitir a mensaxe: **#ogalegovende**.

7. Que está en xogo?

Nada máis e nada menos que unha tableta Huawei Mediapad para cada concursante que acade o galardón!

